

PROGRAMACIÓN DA MATERIA DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA NA ESO

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Probas escritas: En todas as probas escritas figurará a puntuación de cada pregunta. Informarase ó alumnado das normas e criterios xerais de corrección que se aplicarán en todas as probas escritas do curso, e que son os seguintes:

- Todas as follas do exame deberán ter nome ou estar numeradas.
- Non é necesario responder as preguntas seguindo a orde numérica, pero deberá quedar claro cal é o exercicio que se está facendo.
- É obrigatorio escribir con bolígrafo. Non se admitirán exames feitos con lapis.
- A ausencia de explicacións na solución das preguntas formuladas, cando esta sexa requirida explicitamente, repercutirá negativamente na súa valoración.
- Tamén se valorará a orde, ortografía, claridade (concordancia, coherencia, cohesión, etc.) e limpeza coa que está realizada a proba. Poderase restar un máximo de 1 punto en 1º e 2º de ESO e 2 puntos en 3º e 4º por estes conceptos sobre o resultado final da proba. As faltas de ortografía restarán 0´1 cada unha (non restará a súa repetición), até o máximo establecido.

Probas orais: Nas probas orais na nota poderá restarse, igualmente, até un máximo de 1 punto (en 1º e 2º) ou 2 puntos (en 3º e 4º) por unha expresión inadecuada ou a falta de corrección na expresión: risas, pausas excesivas, velocidade inadecuada, vocabulario inadecuado, repeticións, muletillas, desorde ou incoherencia no discurso, etc. Polo demais, seguiranse as mesmas pautas que nas probas escritas.

Os procedementos de avaliación que se levarán a cabo son os seguintes:

-**Probas obxectivas de avaliación**, que serán a lo menos 2 por trimestre. Nelas valoraranse tanto os contidos teóricos como a súa aplicación práctica, así como unha expresión axeitada e a corrección ortográfica.

1ª e 2ª da ESO:

Á hora de poñer a nota da avaliación ordinaria, a media faráse da seguinte maneira:

- Nota da 1ª avaliación: contará un 25%.
- Nota da 2ª avaliación: 35%.
- Nota da 3ª avaliación: 40%

Se en xuño a media das 3 avaliacións é de 5 ou máis, o alumno terá a materia aprobada. Se non é así, terá que presentarse na proba extraordinaria de setembro.

— **Probas de atención e estudo** dirixidas ó alumnado de 1º e 2º de ESO: haberá unha por

unidade didáctica e versará sobre calquer contido traballado. Terá unha duración de 15-20 minutos e non se avisará previamente ó alumnado.

- **Actividades de comprensión e expresión escrita relacionadas cos libros de lectura** traballados en cada trimestre. En 1º de ESO realizarase unha proba semanal e en 2º, unha proba quincenal.
- **Tarefas individuais** sobre as explicación dadas en clase. Utilizarase ás veces o soporte dixital.
- Presentación do **caderno** nos momentos que a profesora o solicite.
- **Aproveitamento diario das clases.**

Recuperacións:

Non haberá exames de recuperación nos cursos máis baixos (1º e 2º) ó carecer da materia de Literatura, posto que esta queda limitada ós coñecementos previos de dita materia (linguaxe literaria, análise métrica, recursos literarios...), a cal se verá de forma profusa nos cursos superiores, é dicir, 3º e 4º curso da ESO.

3º e 4º da ESO:

- Probas escritas ou orais: 80%

Realizaranse tres probas por trimestre, unha delas será a de control da lectura proposta para o trimestre, que fará media coas outras dúas. Neste control valorarase tanto o coñecemento e comprensión amosados sobre a lectura como a súa redacción. As outras dúas centraranse nos contidos traballados nas unidades didácticas de cada trimestre. Estas probas poderán ser escritas ou orais.

A presentación dos traballos obrigatorios indicados pola docente deberá facerse no prazo establecido; pola contra, a profesora non terá o deber de recollelo, excepto casos debidamente xustificadas e documentados.

A incomparecencia non justificada a un exame (oral ou escrito) é motivo de suspenso no trimestre. Pola contra, no caso de non poder asistir a un exame (oral ou escrito) por un motivo xustificado, o/a docente poderá establecer outra data para facelo, ou determinar unha cualificación en función dos datos que ten do alumno até ese momento.

– Observación sistemática do alumno/a: 20%

Neste apartado puntuaranse as actividades realizadas, tanto en casa como na aula, a entrega dentro do prazo das tarefas propostas, a involucración na aula no proceso de aprendizaxe en relación cos compañeiros e co profesorado, o aproveitamento e coidado do material, o interese e a participación... A diferenza entre positivos (traballo feito) ou negativos (traballo non realizado) rexistrados polo profesor será a que determine a nota deste apartado.

Neste apartado tamén se valorará a presentación de traballos sobre lecturas optativas

adecuadas ó nivel do alumnado e que este poderá realizar se quere subir nota: para iso facilitaráselle ao alumnado unha proposta de obras e un cuestionario para analizar diversos aspectos. O traballo presentado neste apartado non poderá sumar máis de 0'5 puntos por trimestre. Só poderá presentarse un traballo sobre unha lectura optativa por trimestre.

- Recuperacións

- EN XUÑO

Faranse recuperacións de cada unha das avaliacións. As recuperacións das avaliacións suspensas faranse entre maio e xuño e a nota da recuperación substituirá á nota previa da avaliación suspensa .

A nota da avaliación final de xuño será a nota media entre o tres avaliacións, a condición de que nalgunha delas non haxa unha nota inferior a 3.

A nota mínima destas recuperacións será de 5, para considerarse aprobadas. Nestas probas finais, incluíranse preguntas sobre as lecturas propostas, e o alumno ou alumna deberá realizalas, independentemente de que aprobase algunha proba de lectura durante o curso.

- EN SETEMBRO

Todos os alumnos coa materia suspensa terán dereito a presentarse á proba extraordinaria de setembro.

Esta proba consistirá só nun exame escrito no que a nota resultante deberá ser como mínimo de 5 puntos sobre 10 para aprobar a materia.

Na proba de setembro incluíranse tamén preguntas sobre as lecturas propostas, que o alumno ou alumna deberá realizar, independentemente de que aprobase algunha proba de lectura durante o curso.

Quen non se presente ás probas no calendario correspondente terá dereito a facelas noutra data coa axeitada xustificación.

Quen deixe as probas escritas practicamente en branco, copie ou fale durante as mesmas, teráas automaticamente suspensas.

As probas e a avaliación consideraránse superadas se se obtén unha calificación de 5 ou superior.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Os criterios de cualificación en **1º da ESO** son:

-Coñecementos (probas escritas teórico-prácticas): Realizaranse 2 probas escritas por trimestre e suporán o 70% da nota da avaliación.

-Probas de atención e estudo e exercicios de escritura e lectura (incluído o libro de lectura proposto): 20%.

-Atitude ante a materia (traballo diario) Neste apartado, que conta o 10%, se lle descontará ao alumno 0,2 puntos cada vez que non faga as tarefas, e 0,1 cando as faga a medias.

Sinalar que ao alumnado nos distintos controis ou exames se lles baixará nota por faltas de ortografía, como máximo 1,5 puntos en **1º e 2º** e 2 puntos en **3º e 4º**. A nota que se lles baixará por cada falta de ortografía é:

-**1º e 2º**: 0'1 puntos por fallos nos tiles e 0'2 por erros de expresión, signos de puntuación ou calquera outro tipo de falta ortográfica. Ata un máximo de 1,5 puntos.

-**3º e 4º** : 0,20 por calquera erro de expresión, ortografía, signos de puntuación, concordancia... Só se poderá baixar en cada proba escrita un máximo de 2 puntos.

A avaliación aprobarase cun 5 de media. Cualificarase de 1 a 10.

* Ó comenzo de curso se lle proporcionará ó alumnado estes criterios de cualificación. Ademais estes publicaranse na páxina web do centro.

MATERIALES E RECURSOS DIDÁCTICOS. LIBROS DE TEXTO E DE LECTURA

Os libros de texto que se usarán neste curso son:

1º de ESO: “Lengua castellana y Literatura 1”, E. Escribano Alemán, P. Rodríguez Delgado, Editorial Vicens Vives..

2º de ESO: “Lengua castellana y Literatura 2º”, Alfredo Reina, Emilia Navarro y Alicia Torres., Edit. Casals

3º de ESO: “Lengua castellana y Literatura 3”, E. Escribano Alemán, P. Rodríguez Delgado, Editorial Vicens Vives.

4º de ESO: “Lengua castellana y Literatura 4º”, mismos autores que libro 2º, edit. Casals.

Latín de 4º de ESO: non hai un libro de texto de referencia, mais, para facilitar o seguimento das clases por parte do alumnado, e sempre que considere necesario, a docente poderá empregar como apoio materiais didácticos de libros de texto de diferentes editoriais (Santillana, Anaya, Casals...). Así mesmo, tamén poderá recurrir a recursos didácticos en liña: webs, blogues, imaxes...

Os **libros de lectura** elixidos para este curso son os que seguen:

1º de ESO:

1º avaliación.: Oliver Twist de Charles Dickens., Ed. Vicens Vives; colección Cucaña.

2º avaliación.: El pan de la guerra de Deborah Ellis. Ed. Edelvives, colección Alandar

3º avaliación: El niño que vivía en las estrellas de Sierra i Fabra. Ed. Alfaguara juvenil

2º de ESO:

1ª avaliación: La piel de la memoria de Sierra y Fabra. Ed. Edelvives. Colección Alandar

2ª avaliación: El príncipe de la niebla de C. Ruiz Zafón. Ed. Planeta

3ª avaliación: El rostro de la sombra de A. Gómez Cerdá. Ed. Ediciones SM

3º de ESO:

1ª avaliación: El oro de los sueños de J.M. Merino. Ed. Alfaguara

2ª avaliación: El Conde Lucanor de Don Juan Manuel. Adaptación de Vicens Vives.

3ª avaliación: Anónimo: Lazarillo de Tormes. Ed. Vicens Vives. Clásicos adaptados

4º de ESO:

1ª avaliación: Selección de Leyendas de G. Adolfo Bécquer.

2ª avaliación: Historia de una escalera de A. Buero Vallejo

3ª avaliación: Relato de un naufrago de G. García Márquez

PLANES DE SEGUIMIENTO DAS MATERIAS PENDENTES/ PROCEDIMENTOS PARA A SÚA AVALIACIÓN

O alumnado de **1º e 2º** con Lingua e Literatura Castelá pendente recibirá dende comenzo de curso Reforzo e na avaliación inicial ou na 1ª preavaliación determinarase se se impartirá dentro ou fóra da aula, atendendo ós resultados obtidos.

En **todos os cursos** se o alumno obtén un resultado igual ou superior a 4 puntos nos exames anteriores á 2ª preavaliación (incluídos os de esta), considerarase superada a materia do curso anterior.

Se, pola contra, non fora capaz de superala se lle proporcionarían actividades de entrega pautada e se lle dividiría a materia pendente en dous controis. Para poder acceder a esta opción deberán realizar unhas fichas e entregalas ós seus respectivos profesores da materia debidamente cubertas e en prazo. O primeiro control sería nunha data por concretar, aproximadamente a finais de marzo e o segundo a finais de maio. A nota das avaliacións parciais será a media aritmética obtida entre o traballo realizado (fichas) e a obtida no exame parcial. De non entregar estas fichas, o alumno perderá o dereito á avaliación por parciais.

O alumnado que non consiga acadar os mínimos esixibles en maio terá opción ós exames globais de xuño (se os houbera) e setembro. Nestes exames deberá obter unha nota mínima dun 5 para que a materia se considere recuperada.

Por ser a Lingua e Literatura Castelá unha asignatura con contidos progresivos, enténdese que se un alumno aproba a asignatura no curso no que está matriculado, automaticamente quedalle aprobada a materia pendente do curso anterior.

CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES PARA SUPERAR A MATERIA DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

1º ESO

1. Recoñecemento do contido de textos orais e escritos de uso habitual para o alumno diferenciando a idea principal das secundarias, e a identificación da intención do autor.
2. Planificación e produción oral e escrita de textos sinxelos narrativos, descritivos e dialogados, aténdose á coherencia na expresión das ideas e con respecto ás normas da lingua, especialmente á ortografía da palabra e acentuación, e á ortografía da frase (puntuación).
3. Realización de resumos, suliñados e esquemas da organización das ideas de textos axeitados ao seu nivel.
4. Lectura en voz alta coa entoación e velocidade axeitadas de textos literarios e non literarios, narrativos, descritivos e dialogados.
5. Identificación das diversas clases de palabras.
6. Recoñecemento dos tipos de sintagmas e dos constituíntes da oración simple e as súas funcións sintácticas básicas (suxeito e predicado e os seus núcleos).
7. Recoñecemento das relacións de significado entre as palabras.
8. Identificación dos xéneros literarios en textos axeitados ao seu nivel, detectando algúns dos recursos básicos: comparacións, metáforas, personificacións,...
9. Realización das tarefas que se leven a cabo en clase e as encomendadas para casa, individuais ou en grupo.
10. Realización das lecturas de obras programadas para o curso e presentación dos traballos que se soliciten.
11. Cumplimentación axeitada do caderno de traballo, que deberá estar ao día e a disposición da profesora.

2º ESO

1. Participar en actividades de grupo, observando e respectando as normas básicas de relación.
2. Coñecer e usar estratexias de produción lectora.
3. Distinguir entre linguaxe, lingua, fala e dialecto.
4. Diferenciar entre bilingüismo e diglosia, identificando as linguas que se falan en España e a súa orixe.
5. Identificar o sintagma nominal, coñecer a súa estrutura e as palabras que poden realizar a función de núcleo.
6. Diferenciar nun relato narrador interno e externo, persoaxes principais e secundarios, persoaxe protagonista e antagonista e planteamento, nudo e desenlace.
7. Recoñecer as diferentes categorías gramaticais.
8. Recoñecer os sintagmas preposicionais, adxetivais e adverbiais e a súa estrutura.
9. Identificar a función do sintagma verbal e o papel do verbo dentro del.
10. Diferenciar entre frase e oración e os dous constituíntes desta última. A súa vez, diferenciar entre predicado nominal e verbal.
11. Aplicar as regras das grafías b/v (utilizando correctamente os seus homófonos), e g/j.
12. Identificar a sílaba tónica das palabras e aplicar correctamente as regras de acentuación.

13. Utilizar correctamente os signos de puntuación.
14. Analizar a métrica dun poema
15. Ler, comprender e valorar obras literarias como fonte de pracer.
16. Falar en público en situacións formais e informais.

3º DE ESO

1. Recoñece e corrixe erros ortográficos e gramaticais .
2. Le e comprende unha selección de textos literarios, en versión orixinal.
3. Comprende o sentido global de textos publicitarios, informativos e de opinión.
4. Aprende a falar en público, en situacións formais e informais, de forma individual ou en grupo. Resume textos oralmente e recolle as ideas principais integrándoas con claridade no discurso. Pronuncia con corrección.
5. Escribe textos usando o rexistro adecuado.
6. Recoñece, explica e corrixe o uso das categorías gramaticais.
7. Interpreta, explica e deduce a información dada en diagramas, gráficas e esquemas. Recoñece a importancia dos aspectos non verbais da comunicación.
8. Recoñece os erros da produción oral propia e allea. Organiza o contido das presentacións orais mediante un guión, a selección e a estruturación da información.
9. Utiliza fontes variadas de consulta
10. Aplica técnicas diversas para planificar os seus escritos e redacta borradores de escritura.
11. Redacta textos persoais de intención literaria seguindo as convencións do xénero.
12. Evalúa, por medio de guías, as producións propias e alleas, mellorando progresivamente as súas prácticas discursivas.
13. Comprende, valora e interpreta o sentido do texto e das producións orais propias e alleas. Participa en debates respectando as normas básicas do xénero.
14. Expresa o tema e a intención comunicativa de distintas tipoloxías textuais, identiicando as mesmas, a súa organización, as marcas lingüísticas e o formato empregado.
15. Coñece e utiliza de forma autónoma ferramentas das Tecnoloxías da Información e da Comunicación
16. Emprega palabras propias do rexistro formal nos textos orales e escritos, co fin de expresarse con precisión.
17. Recoñece e comenta a evolución de diversos períodos histórico/literarios. Le e comprende unha selección de textos literarios, en versión orixinal ou adaptados, e representativos da literatura da Idade Media ao Século de Ouro, identificando o tema, resumindo o seu contido e interpretando a linguaxe literaria.
18. Recoñece as categorías gramaticais, coñece o seu uso e emprega este coñecemento para corrixir erros de concordancia.
19. Recoñece e explica os elementos constitutivos da palabra (morfoloxía). Explica os procedementos de formación de palabras.
20. Recoñece os distintos grupos sintácticos na oración simple e explica o seu funcionamento.

4º DE ESO

- Comprender globalmente un texto oral o escrito.
 - Recoñecer e empregar as principais funcións da linguaxe.
 - Diferenciar entre oración simple e oración composta. Distinguir suxeito de predicado. - Recoñecer no predicado algúns dos seus complementos: complemento directo, complemento indirecto, complemento de réxime, complemento axente, complementos circunstanciais, o atributo e o complemento predicativo.
 - Recoñecer oracións coordinadas e distinguir os seus tipos.
- Identificar e analizar oracións subordinadas substantivas, subordinadas adxectivas ou de relativo e subordinadas adverbiais de lugar, tempo e modo.
- Coñecer que é unha exposición e distinguir a orde en que aparecen os seus elementos. Escribir unha noticia e unha descrición realista.
 - Distinguir as características básicas dos textos de opinión: un editorial, carta ao director, artigo de opinión e columna.
 - Diferenciar entre obxectividade e subxectividade nun texto de opinión.
 - Coñecer que é unha argumentación e recoñecer a súa estrutura. Recoñecer as características e a estrutura dun debate
 - Coñecer as características do ensaio.
 - Recoñecer as características principais da publicidade, os seus tipos e o uso especial da lingua que nela se fai.
 - Coñecer os distintos textos formularios (instancia e reclamación) e a súa linguaxe.
 - Coñecer a coherencia e os mecanismos de cohesión textual.
 - Diferenciar estilo directo e estilo indirecto.
 - Empregar correctamente as regras de acentuación e puntuación.
 - Coñecer parónimos e empregalos correctamente.
 - Coñecer o contexto social e cultural do século XIX, os principais autores da poesía, do teatro e da prosa romántica.
 - Coñecer as características do realismo e do naturalismo e aos autores e as obras máis representativos.
 - Coñecer o contexto social e cultural da primeira metade do século XX e as características do modernismo, da Xeración do 98 e dos seus principais representantes. Unamuno, Azorín, Baroja e Valle-Inclán.
 - Coñecer as características do novecentismo, as vangardas e a Xeración do 27, e aos seus autores máis representativos
 - Coñecer o contexto social e cultural desde 1939 até 1975, as tendencias poéticas, narrativas e teatrais e aos seus autores máis representativos.
 - Coñecer as principais tendencias e os autores e obras máis importantes da narrativa, a poesía, o teatro e o ensaio de 1975 aos nosos días.
 - Coñecer as principais tendencias da poesía e da narrativa hispanoamericanas do século XX.
 - Practicar o comentario de textos.
 - Analizar poemas.
 - Relacionar palabra tabú e eufemismo.
 - Recoñecer os trazos do español de América.
 - Coñecer os diversos rexistros lingüísticos, distinguir os vulgarismos e comprender as características da lingua estándar.

CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

A calificación de cada alumno por avaliación será a resultante de ter en conta os seguintes **criterios de avaliación**:

- **A asimilación de contidos reflectidos en traballos de análise e investigación e exames ou probas escritas** que realicen ao longo de cada trimestre supón un **70%** da cualificación final. En cada un dos traballos e as probas escritas deste apartado valorarase, ademais dos coñecementos amosados, a corrección na expresión, por iso, penalizaranse os erros correspondentes aos principios fundamentais de: coherencia, cohesión, adecuación e corrección (faltas de ortografía) do seguinte modo: restarase 0,1 puntos cada falta ata un tope de 1 punto.

- O **30%** restante da cualificación terá en conta as **cualificacións obtidas durante a clase pola observación sistemática ou as chamadas directas do docente** (preguntas ao grupo, ao pequeno grupo e ao alumno individualmente), tendo en conta os coñecementos teóricos sobre gramática, léxico e cultura romana, a participación e interese demostrados na aula, os exercicios encomendados de tradución, léxico, etc. A consideración de todos estes aspectos redundará positiva ou negativamente na nota de cada trimestre.

Neste apartado debe valorarse tamén a presentación de **traballos expositivos**. Presentarase un traballo expositivo sobre un aspecto da cultura latina por trimestre. O traballo presentado suporá ata un punto por trimestre.

Se a avaliación constitúe un proceso flexible, os procedementos haberán de ser variados. Para recoller datos podemos servirnos de diferentes **procedementos e instrumentos de avaliación**:

- A corrección de **probas específicas de avaliación (exames e traballos)**: cada avaliación farase un mínimo de dúas probas escritas sobre os contidos traballados. En todas as probas informarase ao alumnado sobre a puntuación de cada cuestión.

Ó final de curso (en xuño) realizarase un **exame final** ó que se presentarán aqueles alumnos/as que non teñan acadado os obxectivos mínimos correspondentes a todas as avaliacións. Neste exame final o alumnado terá que realizar as cuestións correspondentes a aquelas avaliacións non superadas previamente de entre as tres. Este examen final puntuará sobre 10 cada un dos bloques de preguntas correspondentes a cada avaliación trimestral: en caso de superar unha avaliación parcial previamente non superada, a nota previa será substituída pola nova cualificación. Despois das tres avaliacións parciais e as recuperacións de xuño, a cualificación final de xuño será a media

das tres cualificacións parciais.

- A análise das **producións dos alumnos**: monografías, resúmenes, traballos de aplicación e síntese, caderno de clase, textos escritos, producións orais, exposicións...

- A **observación sistemática na aula** do interese e aproveitamento das clases por parte do alumno.

- A colaboración no desenvolvemento de actividades complementarias propostas polo departamento.

Proce

Instrumentos de avaliación

Para levar a cabo a avaliación desta materia utilizaranse os seguintes instrumentos:

- Exercicios simples realizados en clase e traballos que o alumnado fará na súa casa.

- Realización de dous exames en cada trimestre nos que se avaliarán os contidos explicados con anterioridade ó exame. No caso de realizar traducións poderán utilizar o dicionario nun primeiro momento. Nos dous últimos trimestres limitarase o seu uso.

- O exame puntuarase sobre un 10. A porcentaxe do exame sitúase nun 70% da nota final.

- Para acadar una valoración positiva o alumnado deberá sacar un mínimo de 5 ou máis na nota final.

- Exposición de traballos de análise e investigación.

- O interese na materia e o aproveitamento das clases, que se verán reflectidas na participación activa nas actividades propostas, a realización de exercicios, traballos, lectura dalgún texto que se indique e outro tipo de actividades que se farán, ben na clase, ben na casa, valorarase nun 30% da nota final.

– Faranse exames de recuperación en xuño de cada unha das avaliacións suspensas. De ser superior, a nota da recuperación substituirá á anterior. A nota final será a media aritmética das tres.

CONTIDOS MÍNIMOS

• Identificar en textos traducidos de autores clásicos e modernos, despois de resumilos, aspectos históricos ou culturais.

- Distinguir nas diversas manifestacións literarias e artísticas de todos os tempos a mitoloxía clásica como fonte de inspiración e recoñecer no patrimonio arqueolóxico as pegadas da romanización.

- Aplicar as regras básicas de evolución fonética a étimos latinos que dean orixe a termos romances do vocabulario habitual e establecer a relación semántica entre un termo patrimonial e un cultismo.

- Identificar compoñentes de orixe grecolatina en palabras da linguaxe cotiá e no léxico específico das ciencias e da técnica, e explicar o seu sentido etimolóxico.

- Recoñecer latinismos e locucións usuais de orixe latina incorporadas ás linguas coñecidas polo alumno e explicar o seu significado en expresións orais e escritas.

- Recoñecer os elementos morfolóxicos e as estruturas sintácticas elementais da lingua latina e comparalos cos da propia lingua.

- Traducir textos breves e sinxelos e producir, mediante retroversión, oracións simples utilizando as estruturas propias da lingua latina.

- Manexar recursos que lle permitan ao alumnado elaborar, guiado polo profesorado, un traballo temático sinxelo sobre calquera aspecto da produción artística e técnica, a historia, a mitoloxía, as institucións, ou a vida cotiá en Roma.